



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL E A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL
DA CORUÑA, PARA A ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO
RESIDENCIAL "FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY" NA CORUÑA.**

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2018

Reunidos

Dunha parte, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 117/2016, do 15 de novembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social



E doutra, dona Ánxela Franco Pouso, Deputada de Benestar Social, Educación e Políticas de Igualdade, que actúa no nome e representación virtude das Resolucións da Presidencia número 15671/2015 e 16642/2015 polas que se lle delega competencia para asinar convenios na súa área.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



Expoñen

Primeiro

A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991

Segundo

Que a Consellería de Política Social, de acordo co Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, é o órgano da administración autonómica ao que lle corresponde o exercicio das competencias e funcións en materia de acción social de apoio á familia e a infancia, segundo o disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia de e na Lei 3/2011, do 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Terceiro

A Deputación Provincial da Coruña, co CIF P-1500000C e rexistrada no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E-1335 dispón, entre os seus recursos asistenciais, dun establecemento denominado Fogar Infantil Emilio Romay, sito na rúa Avda. do Ferrocarril da Coruña, que cumpre coas previsións do Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia e conta con permiso de inicio de actividades coa tipoloxía de Centro con Fogares.

Neste centro véñense prestando, mediante convenios formalizados dende o ano 1994 coa Xunta de Galicia, servizos a menores en situación de desamparo ou marxinación que, por diferentes causas socio familiares e persoais non poden, aínda que sexa temporalmente, ver



cubertas na súa propia familia todas as súas necesidades, tanto materiais coma afectivas, educativas e outras.

Cuarto

Ambas as dúas partes establecen como obxectivos xerais de atención aos/ás menores, os seguintes:

- Mellorar a situación persoal e socio-familiar das persoas menores procurando, en xeral, a reintegración do ou da menor na familia de orixe ou, se non é posible o anterior, nunha familia acolledora. De todos os xeitos procurarase que os internamentos duren o menor tempo posible, poñendo ámbalas dúas partes os medios necesarios, no ámbito das súas competencias, para acadar dito obxectivo.



A decisión sobre o uso de acollemento residencial haberá de producirse despois de valorar que este acollemento é o adecuado para atender ás necesidades psicoafectivas e psicoeducativas do nena /a e da familia, co obxectivo de conseguir una adecuada integración na familia propia ou allea.

- As persoas menores acollidas no centro serán obxecto dun tratamento individualizado por parte do equipo educativo e dun seguimento evolutivo conforme aos criterios de elaboración das diferentes áreas de actuación referidas no proxecto educativo individualizado do ou da menor.
- A utilización ao máximo dos recursos que ofrece a sociedade: escolares, de lecer e calquera outro que contribúa a unha maior integración do ou da menor naquela.

Ao chegaren as partes a un acordo e recoñecerse mutua capacidade, outorgan o presente convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é a atención de menores, tutelados pola Xunta de Galicia ou en situación de garda, a través de medidas de acollemento



residencial e atención de día, no centro Fogar Infantil Emilio Romay, establecemento do que é titular a Deputación Provincial da Coruña.

Enténdese por acollemento residencial a forma de exercicio da garda dunha persoa menor consistente no seu aloxamento nun centro, co obxecto de recibir a atención, a educación e a formación axeitadas e coa finalidade de promover o seu desenvolvemento global normalizador e a súa integración na comunidade; como forma de exercicio da garda, comporta para quen a exerce as obrigas de velar, ter na súa compañía, alimentar, educar e procurar unha formación integral á persoa menor acollida.

Enténdese por atención de día a medida de apoio á familia a través da que se dá cobertura ás necesidades da persoa menor e se promove a mellora do seu medio familiar co fin de preservar a convivencia e evitar a separación deste. Esta medida levarase a cabo na modalidade de atención de día integral.

SEGUNDA: Para a execución do convenio a Deputación Provincial da Coruña ofrécelle á Consellería de Política Social, que acepta, 27 prazas distribuídas en tres módulos ou unidades de convivencia, da forma seguinte:

- Un fogar de acollemento residencial para nenos/as de 0-15 meses.
- Dous fogares de acollemento residencial para menores de 15 meses a 12 anos

Nos diferentes módulos atenderase indistintamente a menores en réxime residencial ou en réxime de atención de día, estimándose aproximadamente a necesidade nun 75 % (20 prazas) de internado e nun 25 % (7 prazas) de atención de día.

Os nenos e nenas con necesidades especiais ou menores de quince meses, ocuparán unha ratio de dúas prazas no fogar onde estean adscritos.

Reservaranse dúas prazas, unha no fogar de 0-15 meses e outra nun fogar de 15 meses a 12 anos, para ingresos de urxencia que serán cubertas segundo as instrucións que ao respecto dite a Consellería..

A idade cronolóxica de referencia, ata os quince meses, para o traslado dos bebés dun fogar a outro, poderá prorrogarse tomando en



consideración as necesidades dos/as nenos/as, tales como:

- O desenvolvemento evolutivo do neno ou nena, considerando se está preparado para convivir nun grupo de nenos maiores.
- O estadio da súa situación familiar: previsión de baixa inminente ou non.
- A existencia ou non de irmáns noutros fogares.
- A carga asistencial noutros fogares derivada da presenza dun número de nenos pequenos que non favoreza a súa integración.
- Outras circunstancias que se estimen no seu favor.

A Consellería de Política Social poderá autorizar, de xeito excepcional, un ingreso que supoña sobreocupación respecto das prazas concertadas, sempre que se garanta dispoñibilidade de medios persoais e materiais para a axeitada atención do/a menor. A dita sobreocupación no suposto de ser concedida, non poderá ser superior a 3 meses, agás causas que o xustifiquen, logo de informe do equipo técnico do menor.

TERCEIRA. Compromisos da Deputación Provincial da Coruña

A Deputación Provincial da Coruña comprométese a:

1. Ofrecer aos/ás menores residentes no equipamento citado unha atención que abranguerá as ordes educativa, formativa, de coidado e atención, que permitan o desenvolvemento da súa personalidade individual, velando pola súa educación integral, saúde física e psíquica e desenvolvemento harmónico da súa personalidade, todo isto nun ambiente normalizado. En todo caso, a referida atención terá carácter permanente e prestarse de forma ininterrompida durante todo o ano.
2. Aplicar os protocolos de funcionamento dos centros de protección de menores e cumprir cantas disposicións sobre protección de menores dite a Xunta de Galicia e os seus órganos competentes no exercicio das súas atribucións.

De cara a facer efectivo o disposto nos dous puntos anteriores, os servizos de atención aos/ás menores beneficiarios/as concrétese no seguinte:

De acordo coa Decreto 192/2015, do 29 de outubro polo que se define a carteira de servizos sociais de familia, infancia e adolescencia, os servizos a prestar se concretan nos seguintes:



Servizo de atención residencial en réxime de internado

- Aloxamento diúrno e nocturno en instalacións adecuadas.
- Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.
- Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.
- Horario continuado as 24 horas do día.
- Apoio psicosocial e educativo e seguimento escolar, incluíndo matriculas e material educativo e didáctico.
- Hixiene e educación nos hábitos da saúde, incluíndo os útiles de aseo persoal.
- Roupa e calzado e equipamento en xeral.
- Animación planificada do tempo libre e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Formación nas habilidades sociais básicas.
- Colaboración no apoio e orientación ás familias dos/as menores.

Servizo de atención de día integral

- Aloxamento diúrno en instalacións adecuadas.
- Atención durante todo o ano incluíndo fins de semana e vacacións.
- Horario de atención mínimo de 8 da mañá a 8 da tarde.
- Alimentación: almorzos, xantares, merendas e ceas.
- Hixiene e educación nos hábitos de saúde, incluíndo os útiles de aseo persoal.
- Apoio e seguimento escolar, incluíndo materiais educativos e didácticos.
- Animación planificada do tempo libre e os materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Roupa e calzado.
- Servizos de titorías: orientación psicoeducativa.
- Traballo coas familias no centro: apoio e seguimento psicosocial para acadar a súa autonomía na crianza dos/as nenos/as.

3. Asumir, sobre os menores ingresados, as funcións inherentes á garda segundo a normativa vixente.
4. Asumir a dirección técnico-educativa e o réxime interior así como a organización de persoal.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

5. Dispoñer no centro cun libro de rexistro de usuarios e un libro de reclamacións a disposición deles.
6. Ter subscrita unha póliza de seguros de responsabilidade civil que garanta a cobertura das indemnizacións aos usuarios e sinistros do edificio.
7. Facilitar as tarefas de inspección por parte da Consellería de Política Social e os seus órganos dependentes para comprobar o bo funcionamento e o cumprimento das obrigas contraídas. Así mesmo, poderase solicitar a comparecencia dos directivos da entidade e dos/as beneficiarios/as.
8. Facilitar, en calquera momento e a petición da Consellería, información sobre a evolución da situación dos/as menores ao seu cargo. Así mesmo, proporcionará a información estatística que lle sexa requirida.
9. Fomentar a formación e a reciclaxe do persoal especializado na atención do/a menor.
10. Gardar absoluta reserva sobre os expedientes dos/as menores atendidos, non podendo facilitar nin revelar datos referidos aos/ás menores ou ás súas familias sen autorización da Xefatura Territorial, a excepción dos contidos dos informes que se remitan a Fiscalía de Menores, en cumprimento das obrigas legais.
11. Aplicar os protocolos de funcionamento dos centros de protección de menores.
12. Dar preferencia aos/ás menores ingresados para participar naquelas actividades normalizadas de carácter cultural, de ocio e tempo libre que poidan ser realizadas pola consellería.

CUARTA. Compromisos da Consellería de Política Social

1. Ditar, a través das Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social, os acordos de internamento das persoas menores por proposta do Equipo Técnico do Menor (ETM), que oirá previamente á entidade acerca da conveniencia desta medida. Ademais deberá ter en conta as necesidades do/da menor e as características das prazas convidadas descritas na cláusula segunda.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

En casos excepcionais derivados de circunstancias socio-familiares graves que requiran dun internamento inmediato do/da menor por parte da xefatura territorial, poderá ditarse acordo de internamento con carácter de urxencia efectuándose a posterior todos os trámites previstos no punto terceiro deste apartado.

2. Ditar, a través da xefatura territorial correspondente, a medida de desinstitucionalización, por proposta do ETM, que oirá previamente á entidade acerca da conveniencia desta medida. Esta resolución fundamentarase na superación das causas que motivaron o ingreso ou que as súas circunstancias persoais así o aconsellen.
3. Apoiar a formación permanente do persoal educativo.
4. Informar á entidade das variacións producidas no ámbito familiar do/a neno/a e no plan de intervención familiar acordado.
5. Manter reunións de seguimento de casos, polo menos, con frecuencia trimestral.
6. Asumir os gastos para tratamentos especiais que excedan de 60 € de acordo coa circular Gastos Extraordinarios 2010 de 5 de abril de 2010, cando sexan basicamente necesarios para o desenvolvemento integral do/a menor e non estean contemplados pola Seguridade Social. Imputarase con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.228.

QUINTA. Orzamento

O custo do convenio impútase en virtude do disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando sometida a súa execución á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente.

A Deputación Provincial da Coruña percibirá da Consellería de Política Social con cargo aos orzamentos aprobados para estes fins unha compensación polos gastos en que incorra no desenvolvemento deste convenio de 325.904,85 € por ano completo de servizo, prorrateándose en función da data de inicio e/ou do fin da vixencia do convenio.

Esta compensación ten o carácter de global, independentemente do número de prazas efectivamente cubertas, e será satisfeita por trimestres vencidos conforme ás liquidacións presentadas pola Deputación Provincial da Coruña.



Para estes efectos, a entidade presentará a documentación xustificativa dentro dos quince días seguintes ao trimestre de vencemento na correspondente Xefatura Territorial, que procederá posteriormente e con carácter inmediato á súa tramitación.

O custo deste convenio imputarase con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.228, na que se prevé que exista crédito axeitado e suficiente para a súa execución, de acordo co anteproxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2019 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión de data 18 de outubro de 2018.

O compromiso de gasto recollido nesta cláusula non ampara o pagamento da ocupación de prazas que puidera producirse antes da entrada en vigor do convenio. Non obstante, a Deputación Provincial da Coruña comprométese a aplicar nestes casos a mesma contía da compensación pactada: 33,07 €/praza/día.

SEXTA. Cobertura sanitaria das persoas usuarias acollidas

No caso de asistencia sanitaria, se estará ao disposto no Real Decreto 1192/2012, do 3 de agosto, polo que se regula a condición de asegurado e de beneficiario a efectos da asistencia sanitaria en España. Todos os/as menores teñen dereito á cobertura sanitaria da Seguridade Social para o cal haberá que efectuar as xestións oportunas por parte das xefaturas territoriais da consellería para que todo neno e nena estea incluído nunha cartilla sanitaria.

Para aqueles casos non incluídos no parágrafo anterior, a consellería, coa colaboración da entidade, xestionará a cobertura de asistencia sanitaria coa Seguridade Social ou entidades de dereito público ou privado.

SÉTIMA. Relacións laborais do persoal que preste o servizo

O persoal que a Deputación Provincial da Coruña poña a dispor deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a Deputación a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes á súa condición de empregador.





A Comisión reunirase a lo menos unha vez ao ano. Ademais reuniranse tantas veces sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

DÉCIMA. Vixencia

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura e ata o 31 de decembro do 2019.

Poderá prorrogarse por acordo expreso das partes por períodos sucesivos non superior cada un deles a un ano ata un límite de catro anos, todo isto condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios correspondentes.

DÉCIMO PRIMEIRA. Causas de resolución

Son causas de resolución do convenio as seguintes:

- O incumprimento total ou parcial das súas cláusulas ou a alteración esencial do seu contido sen o consentimento de ambas as dúas partes.
- O mutuo acordo das partes.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA. Natureza xurídica e cuestións litixiosas

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse.

Así mesmo, estarase ao disposto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e de conformidade coa normativa de contratos do sector público e de acordo coa Lei 40/2015 do 1 de outubro.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non puideran ser resoltas no seo da comisión



mixta de seguimento serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa e contra eles poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición no prazo dun mes ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou directamente, no prazo de dous meses, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa

DÉCIMO TERCEIRA. Publicidade

De acordo co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, este convenio será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscrición cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo, a Deputación Provincial da Coruña presta o seu consentimento para incluír e facer públicos os datos relevantes referido ao convenio asinado no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto

Ámbalas dúas partes, en proba de conformidade acordan asinar por triplicado exemplar o presente convenio, do que se fai entrega dun, a cada unha delas.

Pola Consellería de Política Social

A conselleira

Fabiola García Martínez

Pola Deputación Provincial da Coruña

A deputada de Benestar Social,

Educación e Políticas de Igualdade

Ánxela Franco Fouso

